

MATRÍCULA CURSOS PREPARATORIOS PARA OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA CELGA

DIRIXIDO A:

Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para certificar a súa competencia en lingua galega.

SOLICITUDES E PRAZOS DE INSCRIPCIÓN:

As persoas que desexen participar nos cursos deberán cubrir o formulario de inscrición telemática no enderezo: www.eoidigital.com/preinslinguagalega.

Só se poderá facer unha solicitude de inscrición por cusdrimestre con tres preferencias priorizadas de grupos.

O prazo para presentar as solicitudes abranguerá desde o día **1 ata o 10 de setembro** de 2017, para os cursos do primeiro cuadrimestre (outubro-xaneiro); e desde o día 2 ata o 11 de xaneiro de 2018, para os cursos do segundo cuadrimestre (febreiro-maio)

NÚMERO DE PRAZAS:

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25.

ASIGNACIÓN DE PRAZAS:

Se un curso ten máis solicitantes que cumbran os requisitos que prazas dispoñibles, a asignación farase por sorteo (segundo o DOG do 17 de agosto de 2016)

No caso de que un curso non acade o número mínimo de solicitantes, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá autorizar expresamente a súa realización. No caso de non realizarse o curso, a escola oficial de idiomas comunicarlle ás persoas solicitantes.

No momento de cubrir o formulario de inscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude. Para a asignación de prazas o sistema informático obterá un número de corte por curso a partir do cal se asignarán as vacantes dispoñibles. A obtención deste número realizarase en acto público, o día 14 de setembro de 2017 ás 13.00 horas, na EOI de Vigo. O día 15 de setembro o alumnado poderá consultar na aplicación web se foi admitido.

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

Unha vez rematado o proceso de asignación de prazas, o alumnado seleccionado deberá presentar na secretaría da escola onde foi admitido a seguinte documentación:

- Unha copia do DNI ou NIE

O prazo de presentación desta documentación será **ata o día 20 de setembro de 2017** para os cursos do primeiro cuadrimestre, e ata o 19 de xaneiro de 2018, para os cursos do segundo cuadrimestre.

A falta de presentación destes documentos no prazo establecido dará lugar á exclusión da persoa solicitante previamente seleccionada.

HORARIOS:

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 3	Outubro 2017	Xaneiro 2018	11.00-12.30		Luns, xoves e venres
Celga 3	Outubro 2017	Xaneiro 2018		17.00-19.00	Martes e mércores

Celga 4	Febreiro 2018	Maio 2018	11.00-12.30	—	Luns, xoves e venres
Celga 4	Febreiro 2018	Maio 2018		17.00-19.00	Martes e mércores